



## ACTA DO XXII PREMIO XORNALISTAS DE LIBERDADE DE PRENSA

O Premio Xornalistas de Liberdade de Prensa do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia reconece o labor das e dos xornalistas que, co seu traballo, defenden o dereito a informar e a ser informados de forma veraz. O certame premia unha persoa ou organización que destaque pola defensa da liberdade de prensa ou que estea perseguida polo exercicio do xornalismo. Neste galardón, son as e os colexiados quen propoñen e, a continuación, votan para elixir a persoa ou institución gañadora.

Son xa vinte e dúas as edicións nas que o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia convoca este premio. As primeiras, coa anterior denominación de Premio José Couso. E, nos últimos anos, como Premio Xornalistas de Liberdade de Prensa. Neste punto, o CPXG quere lembrar a memoria de José Couso e Taras Protsyuk, asasinados polo exército norteamericano no Hotel Palestina de Bagdad o 8 de abril de 2003. Un crime para o que volvemos reclamar xustiza.

Esta é a primeira vez que o premio viaxa á cidade de Pontevedra. A organización quere darlle as grazas ao Concello pola súa colaboración na organización da edición de 2026, así como ao traballo da demarcación de Pontevedra do CPXG, que fixo isto posible.

Nun escenario global cambiante, de incertidumes e conflitos, coa normalización de prácticas de desinformación e do abuso das tecnoloxías derivadas da intelixencia artificial para manipular os feitos, ou inventalos, este premio faise máis necesario que nunca. As persoas candidatas deste ano, propostas polas e polos xornalistas galegos, así o reflicten. Son as seguintes:

**Mary Bruce** é a correspondente xefa de ABC News na Casa Branca. As súas incómodas preguntas sobre o caso Epstein ou sobre o asasinato do xornalista Jamal Khashoggi, valéronlle un ataque do presidente Donald Trump, tanto a ela como á súa cadea. Como reporteira, informou sobre múltiples procesos electorais, sobre os lumes en California, sobre a crise de refuxiados en Europa ou das viaxes presidenciais ao estranxeiro.

A organización ***Periodistas y Comunicadores Independientes de Nicaragua (PCIN)*** traballa desde 2018 nun continuo estado de ameazas e ataques por parte do goberno deste país contra as e os xornalistas. Esta candidatura representa unha reivindicación ás comunicadoras e comunicadores nicaraguanos que seguen a informar desde o país ou desde o exilio, ao tempo que lembra a gravísima situación que sofre a liberdade de prensa en Nicaragua.

O xornalista galego ***José Precedo*** completa as candidaturas. Desde os inicios da súa carreira profesional, é un dos nomes máis relevantes do xornalismo político e de investigación en España. O seu labor distinguiuse sempre polo servizo público, a proximidade e a responsabilidade social. O pasado mes de novembro de 2025, cando declaraba no Tribunal Supremo dentro do proceso ao Fiscal Xeral do Estado, defendeu dunha maneira firme e contundente as bases éticas do oficio, como a confidencialidade das fontes e a lexitimidade do traballo informativo, erixíndose así nun estandarte da independencia do xornalismo fronte a calquera tentativa de instrumentalización xudicial.

Antes de anunciar o nome da persoa gañadora, é o momento de lembrar aos anteriores gañadores e gañadoras deste galardón: Sindicato de Xornalistas Palestinos (2025), Nilufar Hamedi e Elahe Mohammadi (2024), Marcos Méndez (2023), Érika Reija (2022), Manuel Rico (2021), Lorenzo Milá (2020), Defende a Galega (2019), Julia Otero (2018), Xosé Hermida (2017), Miguel Ángel Aguilar (2016), Jordi Évole (2015), Ricardo García Vilanova, Javier Espinosa e Marc Marginedas (2014), Mónica García Prieto (2013), o Consello de Informativos de TVE (2012), WikiLeaks (2011), Daniel Anido e Rodolfo Irago (2010), Rosa María Calaf (2009), José Vidal-Beneyto (2008), Jon Lee Anderson (2007), *Le Monde Diplomatique* (2006) e Ali Lmrabet (2005).

O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia quere poñer en valor o traballo de todas aquelas e aqueles profesionais que desenvolven o seu labor en zonas de conflito. O último informe de Reporteiros sen Fronteiras sinala que, en 2025, unha de cada dúas persoas vive nun país onde a prensa está gravemente ameazada. No pasado ano, 67 xornalistas foron asasinados; 53 deles vítimas da guerra ou do crime organizado. Do total de mortos, 29 foron asasinados en Gaza. Israel converteuse no inimigo número un dos xornalistas. Desde 2023, matou a preto de 220 profesionais da información. Ademais, arredor de 500 xornalistas pasaron polo cárcere, especialmente en China e Rusia. Vinte xornalistas foron secuestrados e 135 desapareceron, a maioría en Siria, México e Iraq.

O drama destas vítimas non deben facernos esquecer tampouco as dificultades que o xornalismo segue tendo nos ámbitos máis próximos, cando poderes públicos ou intereses empresariais impiden que os cidadáns reciban a través dos medios de comunicación información contextualizada, fundamentada, comprobada e crítica. A polarización política, os movementos de extrema dereita, as prácticas antidemocráticas e intimidatorias, o uso indiscriminado da desinformación en plataformas sociais ou en pseudomedios, o emprego da intelixencia artificial con fins de manipulación, amosan un panorama moi preocupante que denunciámos e sobre o que hai que actuar. E aí o papel do xornalismo é central, como garante do acceso da cidadanía a una información veraz e contrastada, e como mecanismo de control dos poderes públicos.

O xoves 9 de abril, ás 10.30 horas, nun acto que tivo lugar en Santiago de Compostela, procedeuse ao reconto dos votos emitidos. Esta operación foi supervisada e avalada polo notario **Héctor Pardo García**, do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, quen deixou fe do reconto na acta número **217** do seu protocolo.

Abertos os votos e contados polo notario, este levantou acta da repartición dos mesmos entre as tres candidaturas que optaban ao galardón. Como consecuencia deste escrutinio, resultou vencedora, con maioría suficiente e sen necesidade de voto de calidade da presidenta do xurado, a candidatura do xornalista **José Precedo**.

A organización xa lle trasladou os parabéns ao gañador e fixou a data de entrega para o vindeiro día 9 de maio de 2026, nesta cidade que hoxe nos acolle.

E, para que así conste, asíñase esta acta en

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2026

Darío Janeiro  
Secretario do Premio Xornalistas de Liberdade de Prensa  
Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia